



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E
UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE FOLGOSO DO COUREL PARA
A REALIZACIÓN DE TRABALLOS DE LIMPEZA, DOCUMENTACIÓN E DIAGNOSE DO
CASTRO DE VILAR (FOLGOSO DO COUREL, LUGO)**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

María del Carmen Martínez Ínsua, directora xeral de Patrimonio Cultural da consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

DECLARA:

Que esta dirección xeral de Patrimonio Cultural formalizou co concello de Pantón o pasado 25/05/2023, o instrumento conxugal arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 30 de novembro de 2023.

Que o instrumento conxugal ten por obxecto:

É obxecto do presente convenio regular as bases de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia e o Concello de Folgoso do Courel para a realización de traballos de limpeza, documentación e diagnose do Castro de Vilar (Folgoso do Courel, Lugo)

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento conxugal que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:





O Castro de Vilar localízase a uns 500 metros ao norte da aldea do Vilar, na parroquia de San Vicente de Vilamor, no concello lucense de Folgoso do Courel, nun alongado esporón orientado en dirección N-S que conforma un meandro do río Lor na súa marxe esquerda. As súas coordenadas UTM son: 644853, 4713214 (Datum ERTS89, fuso 29). O xacemento localízase actualmente en terreos que son propiedade da Comunidade de Montes de Vilar (referencia catastral 38017A002000400000WY).

Sobre este macizo rochoso de lousa, a 550 metros de altitude, dominando o río Lor construíuse este poboado fortificado relacionado directamente coa actividade mineira na época galaico-romana do que na actualidade son visibles os restos do seu complexo sistema defensivo composto de varios fosos e murallas, así como de varias das súas estruturas habitacionais interiores. Estes espazos e estruturas distribúense e organízanse ao longo do esporón, moi alongado e estreito, conformando unhas características moi específicas e singulares.

A nivel de protección, este xacemento arqueolóxico ten a consideración de ben catalogado do patrimonio cultural galego en base ao artigo 30 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia xa que se atopa recollido no PXOM do Concello de Folgoso do Courel, aprobado no ano 2021 (DOG núm. 220, do 11.16.2021), co código 103 e no Plan Básico Autonómico de Galicia, aprobado polo Decreto 83/2018, do 26 de xullo (DOG núm. 162, do 27.08.2018), co código GA27017006.

Tendo en conta os valores culturais e paisaxísticos que posúe o Castro de Vilar, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural e o Concello de Folgoso do Courel consideran necesario realizar toda unha serie de traballos de limpeza, rexistro e diagnose deste xacemento arqueolóxico coa finalidade de favorecer a súa conservación, documentación e posta en valor.





Tendo en conta os valores indicados para os devanditos xacementos arqueolóxicos, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e o Concello de Folgoso do Courel consideran de interese realizar traballos de posta en valor do referido xacemento arqueolóxico coa finalidade de favorecer a súa investigación, conservación e posta en valor.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convenial.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

